



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 8 DE MAIO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se crea e se regula o Rexistro das policía locais de Galicia
- Decreto polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal
- Decreto polo que se establece a ordenación dos establecementos de restauración denominados furanchos en Galicia

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consello da Xuventude de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa educativo- terapéutico Proxecto Home de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58. 1.b. do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Orde pola que se regulan as axudas económicas para atención da primeira infancia a través do cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos e se procede á súa convocatoria
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58. 1.b. do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Orde pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de bolseiros para o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo da Coruña



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a elaboración dunha base de datos toponímicos de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun acordo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para a adaptación do IES do Castro, en Vigo, co fin de implantar o bacharelato internacional

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria das axudas do Igape destinadas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación instrumentadas mediante onvenio coas entidades financeiras

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do Centro de Formación Profesional Calvo Sotelo durante o curso 2008/2009

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba o sistema para a determinación dos prezos que servirán como valores de referencia máximos para os alleamentos dos predios rústicos titularidade da Sociedade Anónima Xestora BANTEGAL

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Universidade da Coruña para a descrición gráfica das fortalezas de Galicia



- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración dun mapa temático de risco das pinturas murais da Ribeira Sacra.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Universidade de Santiago de Compostela para o estudo e difusión das actas das xuntas do Reino de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, o Concello da Coruña e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para promover a constitución do Consorcio Oncolóxico de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Castrelo do Val para a execución da obra: Outras actuación. Mellora das redes de abastecemento. Abastecemento e saneamento en Gondulfes. Castrelo do Val (Ourense), por importe de 366.988,25
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello da Rúa, para a apertura dun depósito de residuos non perigosos por importe de 806.812,20 euros
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Melide, para a instalación dun punto limpo por importe de 228.456,26 euros

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo a sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e as asociación de cooperativas Unión de Cooperativas Agrarias AGACA, Unión de Cooperativas de Traballo Asociadas UGACOTA e Federación de Cooperativas SINERXIA para a formación de xestores e titores especializados en proxectos cooperativos

CONSELLERÍA DE VIVENDA

- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial do Centro de excelencia en electrónica para vehículos intelixentes, no concello do Porriño, como de incidencia supramunicipal para os efectos previstos pola Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Celanova, para a obra de acondicionamento dos accesos ao Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes (II fase)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Maceda, para o acondicionamento da praza dos Cabaceiros

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre equipamento informático multimedia nos centros educativos no curso 2007-2008



O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO POLO QUE SE CREA O REXISTRO DAS POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA

- ***Dependerá da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e nel inscribíranse os membros destes corpos de seguridade e os vixilantes municipais dos concellos sen corpo propio de policía municipal***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea e regula o rexistro das policía locais de Galicia, previsto xa na Lei de coordinación de policía locais –aprobada o pasado ano- e no que se inscribíran preceptivamente todos os membros destes corpos de seguridade, incluídos os auxiliares, e os vixilantes municipais dos concellos sen corpo. Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no DOG e o rexistro, que dependerá da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, terá que estar implantado nun prazo máximo de seis meses a partir desa data.

Este rexistro créase como un instrumento de coordinación que posibilitará dispoñer dun censo dos membros dos corpos de Policía Local e vixilantes municipais. Nel anotarase só datos profesionais dos inscritos e garantirase a súa confidencialidade, posto que se trata dun rexistro que non ten carácter público. Deste xeito, a información non poderá cederse a terceiros, agás nos supostos previstos na lexislación vixente, aínda que poderán usarse en estudos estatísticos de xeito despersonalizado. Este rexistro tamén permitirá dispoñer dun indicador para a toma de decisións a partir da información rexistrada e non substitúe os rexistros municipais cos que deben contar os concellos.

Os concellos teñen a obriga de facilitar a información necesaria para configurar este rexistro. Neste sentido, os municipios galegos nos que non exista corpo de Policía Local, pero no que teñan vixiantes municipais teñen que facilitar datos referentes a nomeamentos, tomas de posesión, cesamentos, situacións administrativas como a de segunda actividade, permutas, xubilacións, cursos, distincións e recompensas, sancións e faltas, entre outros. Os concellos que si dispoñan de corpo de Policía Local, ademais dos datos anteriores, terán que achegar información xeral sobre o municipio, o corpo de Policía Local e os medios dos que dispón como o cadro de persoal, as armas ou os vehículos, entre outras cousas.

Desta maneira, poderase contar cun rexistro permanentemente actualizado e cunha información veraz para un eficaz e eficiente exercicio das funcións de coordinación da Xunta. Para este fin, anualmente achegaráselle a cada municipio o censo dos membros do correspondente corpo de Policía Local e dos vixilantes para que os concellos a ratifiquen ou soliciten variacións. Ademais, para que os concellos poidan beneficiarse de axudas e subvencións para dispoñer de novos recursos humanos e materiais do corpo de Policía Local ou vixilantes será indispensable que envíen ao rexistro a documentación necesaria para a posta ao día dos datos.



APROBADO O DECRETO QUE REGULA O COÑECEMENTO DO GALEGO NA PROVISIÓN DE POSTOS RESERVADOS A FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL

- ***O coñecemento do idioma galego figurará como requisito nas bases dos concursos ordinarios e nas convocatorias para a provisión de postos de libre designación e poderá acreditarse mediante un certificado de lingua galega Celga 4***
- ***Os aspirantes que non posúan este título deberán someterse a unha proba de carácter eliminatorio***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados á escala de funcionarios con habilitación estatal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, isto é: secretarios, interventores e tesoureiros que prestan servizos nas entidades locais galegas. O texto establece que nos procedementos de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal por concurso de méritos e libre designación que se realicen en Galicia acreditarase o coñecemento do idioma galego nas formas reguladas por el. Trátase da primeira vez que o Goberno galego aplica este requisito, recoñecido na Lei de bases de réxime local e que equivale ao curso de iniciación. Actualmente, estase a aplicar en todas as comunidades autónomas que o precisan.

Neste sentido, nas bases do concurso ordinario para a cobertura de postos reservados a funcionarios con habilitación estatal, e nas convocatorias para a provisión destes postos polo sistema de libre designación aprobadas polas entidades locais, exixirase como requisito o coñecemento do idioma galego. Este acreditarase mediante a presentación coa solicitude de participación no concurso -ou coa petición de cobertura do posto- da documentación xustificativa de estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou doutro equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta.

Así mesmo, o tribunal de valoración do concurso –ou o presidente da entidade local, cando o procedemento de provisión sexa o de libre designación- realizarán unha proba de carácter eliminatorio aos aspirantes que non acrediten a posesión do Celga 4. Esta, que terá un resultado de apto ou non apto, está destinada a avaliar o grao de coñecemento, que ten que ser equivalente ao exixido.

Para a realización desta proba nos concursos ordinarios, o tribunal de valoración incorporará asesores especialistas en lingua galega designados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta. Nos supostos de cobertura por libre designación, o presidente da entidade local encomendará a realización da proba a dous técnicos especialistas designados da mesma maneira que no caso anterior.

Concurso unitario



No concurso unitario que o Ministerio de Administracións Públicas convoca de forma anual tamén se incluírá como requisito o coñecemento da lingua galega, que os concursantes, ao igual que nos concursos ordinarios, acreditarán mediante a presentación coa solicitude de participación da documentación xustificativa de estar en posesión do Celga 4.

Do mesmo xeito, os concursantes que non acrediten ter este título participarán nunha proba eliminatoria –destinada a avaliar o grao de coñecemento do idioma- na que serán cualificados como aptos ou non aptos. Para a súa valoración, o titular da consellería competente en materia de réxime local designará unha comisión técnica composta por tres persoas expertas na materia. Rematada a valoración, esta comisión elaborará unha proposta de carácter vinculante que elevará ao titular do devandito departamento.

A superación destas probas de coñecemento da lingua galega terá validez exclusivamente no respectivo concurso de traslados ou convocatoria de libre designación nos que se realice.



O GOBERNO GALEGO REGULA A ACTIVIDADE DOS ESTABLECEMENTOS DE RESTAURACIÓN DENOMINADOS FURANCHOS

- ***Pasarán a ser un novo grupo de establecementos de restauración, diferenciándose dos xa existentes de bares, cafeterías e restaurantes, e necesitarán autorización de apertura e de clasificación turística***
- ***Este decreto recolle os requisitos que deben cumprir os furanchos, entre os que están a iluminación e a ventilación, que o viño non sexa embotellado senón de barril e que os alimentos cumpran unhas normas mínimas de etiquetaxe e procedencia, sen que poidan ser elaborados no propio local***
- ***Os furanchos deberán acreditar cada ano a declaración de produción de viño emitida pola Consellería do Medio Rural co obxectivo de dar un valor engadido a un produto tan típico como son os viños “da casa”***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto mediante o cal a Consellería de Innovación e Industria regulará a ordenación dos establecementos de restauración denominados furanchos. Neste decreto –elaborado en colaboración coa Consellería do Medio Rural, que posúe as competencias sobre a produción do viño– recóllese que os furanchos pasan a ser un novo grupo de establecementos turísticos de restauración, diferenciándose dos xa existentes de bares, cafeterías e restaurantes. Coas medidas que se introducen agora, permitirase adaptar a normativa ás súas características propias de especialización e temporalidade.

Segundo este novo texto, os furanchos deberán cumprir uns requisitos mínimos como que os establecementos teñan iluminación e ventilación, que o viño non sexa embotellado senón procedente de barril e que os alimentos que se acompañen cumpran unhas normas mínimas de etiquetaxe e procedencia, sen que poidan ser elaborados no propio local. Ademais de cumprir coa normativa turística, os furanchos estarán suxeitos ás normas municipais que lles sexan de aplicación, o que ofrecerá garantías de igualdade de oportunidades en relación a outro tipo de establecementos, ao tempo que se crean garantías aos clientes e no propio sector.

Á parte destes requisitos, os furanchos deberán cumprir outros controis, como a obrigatoriedade de acreditar cada ano a declaración de produción de viño realizada ante a Consellería do Medio Rural. Con isto garántese que a procedencia do viño comercializado é o de cada establecemento, achegando un valor adicional a un produto tan típico como son os viños “da casa”. Ademais, os furanchos deberán obter autorización de apertura e clasificación turística, que será concedida pola Consellería de Innovación e Industria, a través da que se supervisará, entre outras cuestións, o seu período de funcionamento, a exhibición dos prezos aos clientes, as follas de reclamacións ou as condicións de accesibilidade. Para unha maior seguridade na prestación dos servizos por parte dos furanchos establécese a existencia dunha póliza obrigatoria de responsabilidade civil. Por último, os furanchos deberán obter para a súa actividade unha autorización por parte dos concellos, ao igual que o resto de establecementos hostaleiros.





O GOBERNO GALEGO DESTINA 240.000 EUROS A FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO CONSELLO DA XUVENTUDE DE GALICIA DURANTE O ANO 2008

- ***O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e o CONXUGA***

O Consello da Xunta autorizou, na reunión que mantivo esta mañá, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consello da Xuventude de Galicia, para o financiamento tanto dos seus gastos ordinarios de funcionamento como das actividades que desenvolva este organismo no ano 2008. A achega da Vicepresidencia é de 240.000 euros.

En virtude deste convenio, a Xunta financia gastos ordinarios como os referidos ao persoal ou ao mantemento da sede, ao tempo que apoia as actividades que desenvolva o CONXUGA ao longo do ano 2008. Trátase de actividades orientadas a fomentar a participación libre e eficaz da mocidade galega no desenvolvemento político, social, económico e cultural, así como aquelas destinadas a promover o asociacionismo e a mellora da calidade de vida dos mozos e mozas galegas.



A XUNTA COLABORARÁ COA FUNDACIÓN MONTE DO GOZO NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO HOME PARA A REINSERCIÓN SOCIAL DE PERSOAS ADICTAS

- ***O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao convenio de colaboración para o ano 2008, que prevé unha achega de 244.000 euros por parte da Vicepresidencia***

A Xunta financiará con 244.000 euros o desenvolvemento do programa educativo-terapéutico Proxecto Home, que se centra na atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas. O Consello da Xunta vén de aprobar, na súa reunión de hoxe, a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Monte do Gozo para o ano 2008.

O programa Proxecto Home artículase en varias fases, a de avaliación e diagnose, a de motivación e integración (3-5 meses), a de coñecemento e desenvolvemento persoal (6 meses), e a de reinserción social, cunha duración entre 8 e 10 meses. En virtude deste convenio, a colaboración céntrase no sostemento dos servizos e accións que se desenvolven nesta fase de reinserción social.

A Xunta financia o 100% do custo das 34 prazas das que dispón a Fundación Monte do Gozo no servizo de reinserción social en calquera dos programas elixibles (programa base, de alcol, de cocaína, de patoloxía dual, de adicción ao xogo, de mozos e adolescentes, e de acollida directa) que poderán implicar alternativas residenciais, talleres ocupacionais encamiñados á mellora das habilidades e actividades enfocadas á consecución dun emprego normalizado, incluída a intermediación laboral. Esta fase desenvolverase en réxime ambulatorio, semi-residencial ou residencial, tendo por obxecto a integración harmónica e satisfactoria no ámbito familiar, social e laboral das persoas a tratamento nos distintos programas.

O programa levarase a cabo nos dispositivos que a Fundación Monte do Gozo ten en seis cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR O CHEQUE INFANTIL NO VINDEIRO CURSO 08-09

- ***O Consello da Xunta autorizou o gasto para a orde que regula estas axudas económicas destinadas a atención de nenos e nenas de 0 a 3 anos nas escolas infantís non sostidas con fondos públicos***

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destinará 1.844.870 euros ao financiamento do cheque infantil para o vindeiro curso 08-09. Este orzamento será xestionado a través dunha orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia nas escolas infantís de 0 a 3 anos non sostidas con fondos públicos. Esta axuda consiste na cobertura parcial ou total do custo da praza adxudicada ao neno ou nena nunha escola infantil non pública.

Nas prazas ofertadas a través deste programa, a persoa beneficiaria participará no pagamento da contía da praza segundo os prezos e tramos de renda fixados no réxime de prezos das escolas infantís dependentes da Xunta. Deste xeito, a Administración aboará un custo máximo, segundo se establece na orde, de 130 euros ao mes para a praza ofertada durante un horario mínimo de 8 horas diarias, de 215 se inclúe comedor e 90 euros ao mes para a praza ofertada só en horario de tarde.

Requisitos

Para poder optar a esta axuda, o neno ou nena ten que ter nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2005, ter tres meses na data do ingreso no centro, non ter obtido praza nunha escola pública e non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade. Ademais, a renda per cápita mensual da unidade familiar non pode superar os 1.000 euros, e para poder solicitar esta axuda, teñen que existir prazas correspondentes ao grupo de idade do neno ou nena nos centros partícipes do programa (no concello de residencia da persoa beneficiaria, noutro concello limítrofe ou no municipio onde traballen os pais ou titores legais).

Co obxecto de dar continuidade ás prazas adxudicadas no curso 2007/2008, terán preferencia para a concesión das axudas as persoas con responsabilidade sobre nenas e nenos que no pasado curso se beneficiaran desta axuda económica.

Cando esta orde de axudas saia no Diario Oficial de Galicia, as persoas interesadas en solicitálas deberán presentar a súa solicitude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.



CONVOCADAS CATRO PRAZAS DE EDUCADORES-BOLSEIROS NO CENTRO DE ASISTENCIA E EDUCACIÓN ESPECIAL SANTIAGO APÓSTOLO DA CORUÑA

- ***O Goberno galego autorizou hoxe os gastos que regularán a orde pola que se convocarán estas prazas para o curso escolar 2008-2009***

O Consello da Xunta deulle o visto e prace á orde pola que se determinan as bases reguladoras da convocatoria de prazas de educadores-bolseiros para o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo da Coruña para o curso escolar 2008-2009. Trátase dunha iniciativa que a Xunta financiará con 9.200 euros.

Con esta iniciativa, o Goberno galego pretende formar e capacitar os bolseiros en temas relacionados coas persoas con discapacidade intelectual, e sobre todo, na promoción da autonomía persoal e na atención ás persoas en situación de dependencia. Os bolseiros gozarán de aloxamento e mantenza gratuíta no centro durante o vindeiro curso escolar, así como de axudas para sufragar os gastos ocasionados polo pagamento das matrículas académicas e do material escolar.

Unha vez que saia publicada a orde no Diario Oficial de Galicia, poderán participar na convocatoria as persoas que estean cursando ou teñan rematado os estudos superiores, medios, de formación profesional grao superior (FP2) e/ou técnicos superiores de formación profesional nunha facultade, colexio universitario ou escola técnica. Teñen que ter entre 18 e 28 anos, non ter gozado con anterioridade da condición de educador-bolseiro e non padecer enfermidade ou limitación física e psíquica que lles impida o normal desenvolvemento das actividades. A duración da bolsa será do 1 de setembro de 2008 ao 30 de xuño de 2009.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG. As persoas interesadas deberán presentar as solicitudes no rexistro da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Coruña, xunto coa documentación pertinente que se detallará na orde publicada no Diario Oficial de Galicia.



A XUNTA INVISTE MÁIS DE 500.000 EUROS NA ELABORACIÓN DUNHA BASE DE DATOS TOPONÍMICA PARA GALICIA

- ***A Consellería de Presidencia achegará 110.000 euros e o resto farano as demais consellerías e secretarías xerais da Xunta***
- ***Con este proxecto facilítase a recuperación e conservación do patrimonio toponímico e contribúese á actualización e mellora das bases cartográficas existentes***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a elaboración dunha base de datos toponímica de Galicia. O importe total para este fin é de 502.300 euros, dos cales 110.000 son achegados pola Consellería de Presidencia e 392.300 euros polo resto de consellerías e secretarías xerais da Xunta. O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2008. Non obstante, de existir interese das partes na continuación dos traballos e no seu financiamento polos distintos departamentos da Xunta de Galicia, poderase acordar a prórroga en anos sucesivos, sempre e cando se conte con financiamento axeitado e suficiente.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten, entre outras, as competencias en materia de toponimia e adscrita a Comisión de Toponimia. Cumprindo co mandato da Lei de normalización lingüística, o departamento dirixido por José Luis Méndez Romeu puxo en marcha, co asesoramento da devandita Comisión, o proceso de fixación dos nomes oficiais que levou á edición do nomenclátor de Galicia. Como continuación deste proceso de recuperación toponímico, iniciouse un proceso global -coa denominación *Toponimia de Galicia*-, para o que se incluíu dotación económica dende o ano 2002.

Para levar a cabo este tipo de accións a Consellería ten necesidade de contar coa colaboración da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, que dispón dun elemento como é a cartografía que permite a localización exacta, non só dos principais núcleos de poboación senón tamén dos lugares, aldeas e parroquias que conforman a estrutura xeográfica de Galicia. Este labor realizase a través do Sistema de Información Territorial (SITGA), que é un departamento de cartografía da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal (SODECO) e que dispón dos métodos tecnolóxicos máis avanzados e da cartografía da que non dispón ningunha entidade pública ou privada de Galicia, a excepción dos departamentos cartográficos da Defensa. Por esta razón faise necesario e conveniente continuar coa liña de traballo iniciada no ano 2000 mediante a subscripción dun convenio de colaboración que se integra nas tarefas e nos obxectivos que persegue o proxecto global o que se fixo referencia.

Recuperación e conservación do patrimonio toponímico de Galicia

A Dirección Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal, á que está vinculada SODECO, ten representación a través do seu director xeral na Comisión de Toponimia,



de aí que se aconselle seguir na mesma liña e polo tanto evitar a ruptura ou quebra dos procesos de actuación integrados no proxecto global. Con este proxecto facilítase a recuperación e conservación do patrimonio toponímico e contribúese á actualización e mellora das bases cartográficas existentes, todo isto co asesoramento da Comisión de Toponimia. Así, para o exercicio 2008 os traballos dirixidos á elaboración da base de datos toponímica de Galicia concretaranse na realización de traballos de campo nos concellos -como é o caso dos que comprenden o Parque de Baixa Limia-Serra do Xurés ou dos realizados nas parroquias de afectación dos Camiños de Santiago, entre outros- , traballos de gabinete -preparación de materiais, revisión das bases de datos, dixitalización dos topónimos, elaboración de informes, etc.- e a exposición pública dos resultados nos concellos de Barreiros, Burela, Celanova, Cerdido, Foz, A Mezquita, Pontecesures e San Amaro.

Toda a documentación de traballo (fotografía aérea, fichas toponímicas empregadas para a recolla dos topónimos e calquera outro material informativo sobre estes) estará almacenada nun sistema de información creado polo SITGA e poderá ser consultada ou empregada con previo acordo mutuo de ambas as partes. A base de datos toponímica será propiedade da Xunta de Galicia e porase á disposición do público. Cando se desexen utilizar estes datos para a realización de traballos ou publicacións deberá obterse a súa autorización expresa e facela constar como a propietaria intelectual de tales datos. A utilización e publicación da información toponímica na cartografía será competencia da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.



AS CONSELLERÍAS DE EDUCACIÓN E PESCA COLABORARÁN NO ACONDICIONAMENTO DO IES DO CASTRO DE VIGO

- ***Achegarase un total de 300.000 euros para o acondicionamento da biblioteca e das pistas deportivas do centro, necesario para acadar a definitiva homologación e incorporación do bacharelato internacional***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para a adaptación do Instituto de Educación Secundaria do Castro en Vigo co fin de implantar o Bacharelato Internacional (BI). En base a este acordo, levarase a cabo o acondicionamento da biblioteca e das pistas deportivas do centro, algo imprescindible para acadar a definitiva homologación e incorporación deste instituto na rede de centros de BI.

Deste xeito, o obxectivo deste convenio é establecer as bases de colaboración entre os dous departamentos para a execución das obras. A Consellería de Educación será encargada de elaborar, supervisar e aprobar o proxecto técnico, así como a contratación, dirección e execución das obras, para as cales a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos realizará unha achega de 300.000 euros. O acordo entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o momento en que rematen as actuacións previstas no I.E.S. do Castro en Vigo.

Coa implantación do bacharelato internacional neste centro vigués búscase conciliar a vida profesional e familiar do persoal ao servizo da Axencia Comunitaria de Control da Pesca (CFCA). Así, poderán desenvolver o seu traballo na cidade sen que o seu ámbito persoal e familiar se vexa afectado máis alá do indispensable e necesario, sobre todo no referente á educación e ensino dos membros da súa familia con idade escolar.

De feito, as consellerías de Educación e Pesca asinaron un convenio de colaboración o pasado 18 de setembro para a incorporación do IES do Castro na rede de centros de bacharelato internacional, para o cal o departamento que dirixe Carmen Gallego achegou 15.000 euros. Deste xeito, os fillos dos eurofuncionarios que traballarán na Axencia poderán cursar o Programa Diploma, un curso preuniversitario de dous anos, como se estiveran na súa cidade de orixe.

A Organización do bacharelato internacional é unha fundación educativa, sen ánimo de lucro, fundada en 1968 e que ten os alumnos como eixo principal. Na actualidade traballa con 2.051 colexios de 125 países para desenvolver e ofrecer tres programas formativos a máis de 539.000 alumnos de idades comprendidas entre os 3 e os 19 anos. Trátase dos programas da Escola Primaria, dos Anos Intermedios e o Programa Diploma. Este último é xustamente o que se poderá cursar no I.E.S. do Castro de Vigo.

A creación da Axencia Comunitaria



A Axencia Comunitaria de Control da Pesca creouse a través do Regulamento da Comisión Europea nº 768/2005 do Consello, do 26 de abril de 2005, co obxectivo de organizar a coordinación operativa das actividades de control e inspección da pesca dos países membros da Unión Europea. Así mesmo, naceu co propósito de auspiciar a cooperación entre os Estados membros co fin de cumprir as normas da política pesqueira común para garantir que se apliquen de maneira eficaz e uniforme.

Tanto o Goberno de España como a Xunta de Galicia lideraron o proceso previo para lograr que a sede oficial deste novo organismo fose Vigo. Na actualidade as súas oficinas provisionais atópanse en Bruxelas (Bélxica), pero en breve a súa sede instalarase en Vigo, tal e como recolle o regulamento comunitario, anteriormente citado, polo que se crea a Axencia.



A XUNTA DESTINA CASE 6,5 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS Á INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS

- ***A convocatoria de axudas cobre o período 2008-2011 e será publicada no DOG en próximas datas***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a destinar un total de 6.492.000 euros a financiar o programa de axudas á internacionalización das empresas galegas no período 2008-2011. O Goberno galego deu esta mañá o seu visto e praxe ao compromiso plurianual que implica esta convocatoria de axudas.

Con este programa de axudas, o Goberno autonómico pretende fomentar a internacionalización das empresas galegas, como forma de que estas poidan aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala, acceder a recursos inaccesibles ou custosos no seu mercado de orixe conseguindo economías de localización, mellorar a notoriedade e diferenciación dos seus produtos e marcas, entrar en contacto con consumidores máis asixentes e competidores máis eficientes que estimulan a súa innovación e desenvolvemento tecnolóxicoe, en definitiva, permite amellora da súa eficacia económica e o incremento da súa capacidade competitiva.

O Goberno galego aposta decididamente pola internacionalización das nosas empresas, mediante un modelo facilitador da información, servizos directos nos principais mercados internacionais e financiamento ás empresas para a súa entrada neles, aposta que se complementa coa formación e especialización de recursos humanos.

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), dependente da Consellería de Economía e Facenda, en liña coas funcións que ten encomendadas como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, ven levando a cabo unha serie de accións no ámbito exterior desde o apoio á formación de capital humano especialista no eido internacional, o apoio ás empresas galegas no seu proceso de expansión exterior, á captación de investimentos estranxeiros cara a Galicia, proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras. As bases reguladoras das axudas do Instituto á internacionalización das empresas galegas, xa aprobadas polo Consello de dirección do Instituto, serán publicadas no DOG en próximas datas.



O IGAPE APOIARÁ O FINANCIAMENTO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS CON 2,1 MILLÓNS DE EUROS DESTINADOS Á BONIFICACIÓN DE XUROS

O Consello da Xunta aprobou hoxe autorizar un gasto de carácter plurianual de 2,1 millóns de euros destinado á bonificación de xuros de préstamos que subscriban durante o ano 2008 os titulares de explotacións gandeiras de Galicia. O Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), dependente da Consellería de Economía e Facenda, aprobou recentemente as bases reguladoras das axudas destinadas a dito obxectivo, ao abeiro dunha orde do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño que se instrumentará en colaboración con Consellería de Medio Rural e mediante convenio coas entidades financeiras.

Estas bases teñen por obxecto establecer as normas reguladoras para a concesión de axudas de mínimos destinadas a bonificar xuros dos préstamos que subscriban durante o ano 2008 os titulares de explotacións gandeiras de Galicia, para paliar o encarecemento dos custos de produción, fundamentalmente das materias primas destinadas á alimentación, e a imposibilidade de repercutir o incremento destes custos no valor de venda dos produtos finais obtidos.

O procedemento de concesión destas subvencións efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, previa convocatoria a través da correspondente resolución. Tendo en conta a natureza e fins das axudas reguladas nestas bases, resulta necesario que todos os solicitantes que cumpran os requisitos esixidos resulten beneficiarios destas axudas. Os créditos dispoñibles para concesións ascenden a 2.100.000 euros, que se dividirán en anualidades entre este ano e o 2012.



A XUNTA ACHEGA PRETO DE 107.000 EUROS AO CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL CALVO SOTELO DA CORUÑA

- ***A Administración educativa garante deste xeito o servizo público educativo aos alumnos escolarizados neste centro durante o curso 2008-2009***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial de A Coruña para o funcionamento do centro de Formación Profesional Calvo Sotelo durante o curso 2008-2009. A Administración educativa destinará un total de 106.925,61 euros para esta acción, distribuídos entre as anualidades 2008 (35.641,87 euros) e 2009 (71.283,74 euros).

A Consellería de Educación asinou en outubro de 1986 un convenio coa Deputación da Coruña co obxectivo de que este centro funcionase como centro público en réxime de convenio, asinándose, co mesmo fin, diversas addendas e convenios nos sucesivos cursos escolares ata o 31 de agosto de 2008.

Así, a través deste acordo, a Consellería de Educación mantén o convenio educativo coa Deputación provincial para o funcionamento deste centro docente durante o próximo curso escolar, coa finalidade de continuar prestando o servizo público educativo aos alumnos escolarizados nel.

O convenio terá vixencia desde o 1 de setembro do 2008 ao 31 de agosto de 2009, e poderá ser renovado por cursos escolares por acordo expreso das partes, mediante a formalización da correspondente addenda.

O centro conta con ao redor de 300 alumnos matriculados en programas de garantía social (PGS) e ciclos formativos de grao medio.



A XUNTA APROBA O SISTEMA DE DETERMINACIÓN DE PREZOS-TIPO PARA OS ALLEAMENTOS DE PREDIOS RÚSTICOS DO BANTEGAL

- ***Os prezos servirán como valores tipo de referencia para a cesión de dereitos de predios rústicos titularidade da Sociedade Anónima Xestora, Bantegal, que estarán vixentes ata o 31 de decembro de 2008, conforme unha fórmula que establece o valor do predio, segundo acordou o Consello da Xunta***

O Banco de Terras de Galicia contará cunha fórmula para o establecemento dos prezos de referencia máximos para as transaccións dos predios rústicos titularidade do Bantegal, acordada coa Comisión Técnica de Prezos e Valores.

As edificacións, construcións e instalacións, cando deban valorarse con independencia do solo, taxaranse polo método de custo de reposición segundo o seu estado e antigüidade no momento a que deba entenderse referida a valoración.

As plantacións e as sementeiras preexistentes, así como as indemnizacións por razón de arrendamentos ou doutros dereitos, taxaranse conforme os criterios das leis de expropiación forzosa, de arrendamentos rústicos, e de conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

O sistema de determinación dos prezos que servirán de valores tipo de referencia para os alleamentos de predios rústicos titularidade da Sociedade Anónima Xestora, Bantegal, que estarán vixentes ata o 31 de decembro de 2008, executarase coa aplicación dunha fórmula que determina que o valor do predio estará en función dun tipo de arrendamento medio (5 por cento) e do estado de explotación do mesmo.

Coa aprobación desta fórmula polo Consello da Xunta, o Bantegal dispón dos prezos de referencia tanto para alleamentos como para os arrendamentos, que xa entraron en vigor en novembro de 2007, destinados a favorecer o incremento da base territorial das explotacións agrarias galegas e un mellor aproveitamento da superficie agraria útil de Galicia.



XUNTA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA MEDIRÁN E DEBUXARÁN OS PLANOS DAS MÁIS DE 350 FORTALEZAS DE GALICIA

- ***Un convenio, cuxa sinatura aprobou hoxe o Consello da Xunta, permitirá que un equipo da Facultade de Arquitectura realice a definición gráfica e planimétrica das estruturas defensivas, declaradas BIC***
- ***A Consellería de Cultura achegará 72.000 euros en 2008 e 2009 para estes traballos, que servirán de base para valorar futuras actuacións e cuantificar as necesidades de intervención***
- ***Este convenio forma parte dunha serie de acordos de colaboración para 2008 da Consellería coas universidades galegas, por un valor total de 398.000 euros***

A Consellería de Cultura e a Universidade da Coruña asinarán un convenio para realizar a definición gráfica e planimétrica de todas as fortalezas de Galicia. O Consello da Xunta autorizou a sinatura deste convenio, que será ratificado proximamente. Os máis de 350 exemplos de arquitectura militar e defensiva do país contarán con definición gráfica e planimétrica, o que permitirá coñecer en profundidade estas construcións, e facilitará á Dirección Xeral de Patrimonio valorar próximas actuacións e cuantificar as necesidades de intervención.

O convenio supón a achega de 72.000 euros por parte da Xunta para o desenvolvemento do proxecto nos anos 2008 e 2009. O equipo que o levará adiante pertence ao Departamento de Representación e Teoría Arquitectónica da Facultade de Arqueoloxía, e está dirixido polos profesores José Antonio Franco Taboada e Santiago Tarrío Carrodegas.

O equipo tomará os datos das fortalezas das provincias de Lugo e Pontevedra, que se sumarán ás medicións xa realizadas nas da Coruña. Nunha seguinte fase estudaranse as de Ourense. O traballo que realizarán iníciase coa visita aos lugares nos que se atopan estruturas defensivas. Alí farán as medicións para a realización da definición gráfica e planimétrica, que se completará con documentación fotográfica.

Este estudo permitirá no futuro reunir toda a información xerada nunha publicación, que faga posible aos investigadores achegarse máis facilmente á realidade construtiva destas edificacións, de cara á realización de traballos de investigación.

Os inmobles que se van estudar son todas as estruturas defensivas e militares de Galicia, consideradas Ben de Interese Cultura (BIC): castelos, fortalezas, baterías de costa, casas-torre, casas-forte, etcétera. En total, Galicia conta con máis de 350 edificacións deste tipo, das cales, 100 se atopan na Coruña, 170 en Lugo, 40 en Ourense e 50 en Pontevedra.

Convenios coas universidades

Este convenio coa Universidade da Coruña forma parte dunha serie de acordos de colaboración para o ano 2008 que vai establecer a Consellería de Cultura e Deporte con



universidades galegas. O obxectivo é realizar ao longo deste ano diversos proxectos que teñen como denominador común o estudo e a divulgación do patrimonio cultural nas súas diferentes manifestacións.

En total, asinaranse convenios por valor de 398.000 euros. Asinaranse sete convenios coa Universidade de Santiago por 234.000 euros, dous coa Universidade da Coruña por 102.000 euros, un coa Universidade de Vigo por 40.000 euros, e outro co Centro Asociado da UNED da Coruña por 22.000 euros.



CULTURA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO ELABORARÁN UN MAPA DE RISCO DAS PINTURAS MURAIAS DA RIBEIRA SACRA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de 50.858 euros que permitirá a un equipo multidisciplinar estudar o estado das pinturas e establecer criterios de análise e intervención para toda Galicia***
- ***Tamén se autorizou outro acordo de colaboración coa mesma universidade para continuar nos anos 2008 a 2010 o proxecto de estudo e difusión das “Actas das Xuntas do Reino de Galicia”, por 102.750 euros***
- ***Estes convenios forman parte dunha serie de acordos para 2008 da Consellería coas universidades galegas, por un valor total de 398.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Universidade de Santiago. Un deles permitirá elaborar un mapa de risco das pinturas murais da Ribeira Sacra, e servirá para establecer criterios de análise e intervención nestas pinturas, que logo funcionarán como modelo de actuación para toda Galicia. O outro proxecto ten por obxecto continuar co estudo e difusión das “Actas das Xuntas do Reino de Galicia”. Cultura investirá 50.858 e 102.750 euros respectivamente nestes proxectos. O Consello da Xunta aprobará hoxe a sinatura dos dous convenios.

O proxecto de elaboración dun mapa de risco das pinturas murais será desenvolvido entre 2008 e 2009 por un equipo multidisciplinar da Universidade de Santiago, dirixido polos profesores Benita Silva, Juan Monterroso, Beatriz Prieto, M^a Carmen Folgar e Enrique Fernández. O obxectivo do proxecto é establecer uns criterios de avaliación do estado de conservación das pinturas murais, así como unha metodoloxía de análise para futuras intervencións que garanta o seu correcto mantemento.

Para desenvolvelo, decidiuse restrinxir a área de traballo á Ribeira Sacra, por reunir unhas boas condicións tanto pola calidade como pola cantidade das pinturas, a súa concentración xeográfica e o estado de conservación. Alí analizaranse 75 elementos pictóricos, tanto pinturas como retablos, dos espazos declarados Ben de Interese Cultural (BIC) na comarca, entre os que figuran Santo Estevo de Ribas de Sil, Santa Cristina de Ribas de Sil e Santa María de Pesqueiras, entre outros. Destes elementos farase unha descrición pormenorizada do estado das pinturas e dos materiais sobre os que se atopan (pedra, madeira, morteiros, etcétera), para o que tamén se tomarán mostras para realizar análises de laboratorio. O informe acompañarase da descrición histórica e artística de cada elemento.

A partir destes traballos, establecerase unha metodoloxía de prevención e intervención. Detallaranse cales son os factores que inflúen na conservación e deterioración das pinturas e dos materiais sobre os que se atopan. E fixaranse os criterios de análise para aplicar en futuras intervencións que se desenvolvan non só nesta zona, senón en toda Galicia, tendo en conta as particularidades de cada espazo.



Actas das Xuntas do Reino de Galicia

Outro convenio que se levará ao Consello da Xunta permitirá continuar os traballos de estudo e publicación das Actas das Xuntas do Reino de Galicia. Cultura financiará con 102.750 euros os traballos que se desenvolverán entre 2008 e 2010 polo equipo que dirixe o profesor Miguel Romani, do Departamento de Paleografía da universidade compostelá.

O traballo de investigación consiste na recuperación, transcripción e publicación das actas, que se atopan espalladas por numerosos arquivos de toda Galicia, principalmente nos municipais. Este longo traballo estase realizando de forma cronolóxica. As actas éditanse acompañadas de estudos históricos e a presentación da metodoloxía empregada.

Convenios coas universidades

Estes convenios coa Universidade de Santiago forman parte dunha serie de acordos de colaboración para o ano 2008 que vai establecer a Consellería de Cultura e Deporte con universidades galegas. O obxectivo é realizar ao longo deste ano diversos proxectos que teñen como denominador común o estudo e a divulgación do patrimonio cultural nas súas diferentes manifestacións.

En total, asinaranse convenios por valor de 398.000 euros: sete coa Universidade de Santiago por 234.000 euros, dous coa Universidade da Coruña por 102.000 euros, un coa Universidade de Vigo por 40.000 euros, e outro co Centro Asociado da UNED da Coruña por 22.000 euros.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE CONSTITUIRÁ UN CONSORCIO CO CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA

- ***Este organismo ten como obxectivo a prestación dunha asistencia sanitaria especializada máis eficaz e de calidade, optimizando os recursos sanitarios existentes***

O Goberno galego aprobou na súa reunión semanal un proxecto de acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio entre a Consellería de Sanidade, o Concello da Coruña e a Fundación Centro Oncolóxico para a constitución do Consorcio Oncolóxico de Galicia. Os obxectivos deste organismo serán, basicamente, a prestación da asistencia sanitaria especializada en materia oncolóxica ao servizo da cidadanía.

Neste marco, a Consellería de Sanidade colaborará na determinación das políticas sanitarias do Consorcio a través dun contrato-programa que recollerá a poboación que se atenderá; a estimación do volume de actividade e previsión das contingencias sanitarias obxecto de cobertura; a determinación dos requisitos de calidade que deberán cumprir os servizos sanitarios; e, por último, a cobertura económica. Tal e como establece o convenio, o Servizo Galego de Saúde contribuirá co financiamento necesario para a prestación da asistencia sanitaria e subscribirá o contrato-programa.

A Fundación Centro Oncolóxico achegará, pola súa banda, ao Consorcio Oncolóxico de Galicia a totalidade da capacidade asistencial do centro, e, por último, o Concello da Coruña, participará mediante a autorización de uso compartido do inmovible.

Co establecemento deste Consorcio preténdese dar unha resposta eficaz e de calidade aos servizos oncolóxicos da área, optimizando os recursos sanitarios existentes e permitindo unha relación máis fluída e estable.

O Centro Oncolóxico de Galicia conta cun cadro de persoal de máis de 150 persoas e, segundo os datos da última memoria publicada, a de 2006, realiza máis de 13.000 consultas anuais. O concerto singular deste centro coa Administración galega remóntase ao ano 1999.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 367.000 EUROS NAS OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO A GONDULFES, NO CONCELLO OURENSÁN DE CASTRELO DO VAL

- ***O proxecto, que estará financiado na súa totalidade pola Administración autonómica, ten un prazo de execución de tres meses e incluírá a construción dunha nova rede de saneamento, con colectores de residuais e pluviais; rede de abastecemento e unha unidade de depuración para 200 habitantes equivalentes***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 366.988 euros nas obras de abastecemento e saneamento a Gondulfes, no concello ourensán de Castrelo do Val. O proxecto será financiado na súa totalidade pola consellería, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a colaboración entre a Administración local e autonómica para a execución das obras.

As actuacións previstas, que contan cun prazo de execución de tres meses, consistirán na substitución das actuais redes de abastecemento e saneamento, que están deterioradas e non cumpren a normativa actual, por novas redes que permitirán aos veciños de Gondulfes dispoñer destes servizos básicos.

O proxecto inclúe a construción dunha nova rede de saneamento, con colectores de residuais e pluviais; a instalación dunha rede de abastecemento e a construción dunha unidade de depuración para 200 habitantes equivalentes.



O GOBERNO GALEGO FINANCIARÁ CON 806.000 EUROS A CONSTRUCIÓN DUN DEPÓSITO DE RESIDUOS NON PERIGOSOS NO CONCELLO OURENSÁN DA RÚA

- ***O proxecto, previsto no Programa de Rexeneración de Espazos Degradados incluído no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos, ten un prazo de execución de cinco meses***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible financiará con 806.812 euros a construción dun depósito de residuos non perigosos no concello ourensán da Rúa. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a administración local e a autonómica para a execución desta obra.

Esta actuación enmárcase no programa de rexeneración de espazos degradados incluído no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia. Este programa ten por obxectivo a detección, clausura e selaxe dos vertedoiros incontrolados existentes en Galicia, e comporta a necesidade de crear depósitos controlados de residuos.

O novo depósito estará situado nas inmediacións do parque empresarial das Pedreiras, no municipio da Rúa, e permitirá depositar os residuos que producen as empresas que xa están implantadas no polígono, como a que poderían construírse no futuro.

O proxecto inclúe a preparación da zona para o depósito dos residuos, o plan de explotación do depósito que permita a vertedura de xeito controlado e minimizando os riscos, o aillamento dos residuos acumulados, o control das augas superficiais e da calidade das augas subterráneas, a captación, control e xestión dos lixiviados xerados e a recuperación da calidade paisaxística da zona ocupada polo vertedoiro. O prazo de execución é de cinco meses.



A XUNTA SUBVENCIONA CON 228.456 EUROS A CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE MELIDE (A CORUÑA)

- ***A instalación, que se situará no polígono empresarial da Madalena, ten un prazo de tres meses de execución***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, vai a dotar o concello coruñés de Melide dun punto limpo. O recinto, que ten como obxectivo fundamental servir aos cidadáns como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva de residuos producidos no ámbito domiciliario, conta cun orzamento de 228.456 euros, contía que será sufragada na súa totalidade pola Administración autonómica.

O punto limpo, que se instalará nunha parcela do parque empresarial da Magdalena, conta cun prazo de execución de tres meses.

Obxectivos dos puntos limpos

Créanse puntos centralizados para o depósito por parte dos cidadáns daqueles residuos recollidos selectivamente para os que sexa necesaria unha xestión específica, polo seu tamaño, residuos voluminosos, ou a súa composición, pilas, disolventes e outros materiais. Os obxectivos principais destas instalacións son:

- Recuperar os materiais contidos nos residuos para a súa reciclaxe, coma o papel, vidro, metais, etc.
- Evitar a vertedura incontrolada de estultos e residuos voluminosos coma mobles ou electrodomésticos.
- Separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o ambiente coma os medicamentos, pilas, pinturas, etc.

Residuos que non se poden deixar nun Punto Limpo:

- *Materia orgánica*: usualmente a súa recollida selectiva está prevista para ser levada a cabo a través de contedores específicos instalados nas rúas das vilas
- *Residuos industriais* de grandes e medianas empresas: as grandes e medianas empresas xa teñen establecido un sistema correcto de xestión dos residuos que producen
- *Residuos radioactivos*



A CONSELLERÍA DE TRABALLO DESTINA 80.000 EUROS Á POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA FORMATIVO PARA XESTORES E TITORES ESPECIALIZADOS EN PROXECTOS COOPERATIVOS

- ***A figura profesional dos titores é un elemento clave para a efectiva realización de gran parte das medidas que se pretenden desenvolver para a promoción do cooperativismo***
- ***Trátase dun proxecto dirixido pola Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración con distintas asociacións de cooperativas da Comunidade galega***

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e asociacións de cooperativas, para a posta en marcha dun programa formativo de xestores e titores especializados en proxectos cooperativos. Concretamente, no proxecto participarán a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (Agaca), Unión de Cooperativas de Traballo Asociado (Ugacota) e a Federación de Empresas Cooperativas (Sinerxia). Esta actuación desenvolverase ata finais de 2009.

A figura profesional dos titores especializados en proxectos cooperativos é un elemento clave para a efectiva realización de gran parte das medidas concretas que se pretenden desenvolver para a promoción do cooperativismo. Ademais os titores e xestores resultan un elemento clave para a posta en marcha dunha rede de promoción cooperativa.

A formalización dun convenio destas características está xustificada polo feito de que a USC sexa a única entidade cunha programación estable de actividades formativas en materia de cooperativismo e polo propio interese manifestado polas asociacións de cooperativas con maior representación dentro do sector.

A aposta por esta iniciativa tamén responde á necesidade de potenciar o desenvolvemento dunha bolsa de técnicos en cooperativismo e facilitar o intercambio de oferta e demanda de profesionais e servizos.

Por outro lado, a Consellería de Traballo, na súa aposta polo emprego estable, non podía obviar o emprego cooperativo, sobre todo tendo en conta a necesidade de existencia dun grupo tutorial que acompañe os proxectos cooperativos, coa finalidade de que se constitúan como iniciativas con vocación de permanencia.

O programa formativo de xestores e titores especializados en proxectos cooperativos estará dirixido pola USC. Neste senso, a universidade compostelá será a encargada de seleccionar, xunto coas entidades asinantes, os participantes desta iniciativa formativa. Estes deberán ser alumnos licenciados ou diplomados en titulacións que garden relación coas materias de xestión cooperativa, como Económicas, Empresariais e Relacións Laborais. Un dos criterios de selección será a formación que poidan acreditar en materia de cooperativismo.



O proceso formativo, que inclúe parte teórica e práctica, será dirixido polo profesor titular e director do departamento de Economía Aplicada da Facultade de Económicas da USC, Manuel Jordán Rodríguez. Cómpre sinalar que o proceso formativo poderá completarse cun período de prácticas nunha cooperativa galega, previamente seleccionada polo Consello Galego de Cooperativas e en función da súa dispoñibilidade para colaborar no desenvolvemento desta actividade formativa. Non obstante, a estada dos bolseiros na cooperativa axustarase en todo momento ao regulamento interno da empresa.

Tal e como se recolle no texto do convenio, os coñecementos necesarios para desenvolver o labor de xestión e titoría especializada non se acadan globalmente no sistema educativo, senón que deben ser adquiridos a través dun proceso formativo, no que prime a vertente práctica e no que o titor tome contacto coa realidade cooperativa.



A XUNTA DECLARA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O PROXECTO SECTORIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO CENTRO DE EXCELENCIA ELECTRÓNICA PARA VEHÍCULOS INTELIXENTES NO PORRIÑO

- *Este centro construírse sobre unha superficie de 25.000 m² que amplía o actual ámbito do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG)*
- *Trátase dunha infraestrutura singular en España e con características únicas en Europa que ofrecerá métodos experimentais de vangarda tecnolóxica e equipamentos de última xeración*

O Consello da Xunta declarou de incidencia supramunicipal, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o proxecto sectorial para o desenvolvemento do Centro de Excelencia Electrónica para Vehículos Intelixentes, por tratarse dunha infraestrutura singular en España e con características únicas en Europa que ofrecerá métodos experimentais de vangarda tecnolóxica. Este centro construírse sobre unha superficie de 25.000 metros cadrados que amplía o actual ámbito do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG).

A declaración de incidencia supramunicipal é un trámite necesario para poder desenvolver o proxecto. A Consellería de Vivenda e Solo acometerá esta actuación en colaboración coa Consellería de Innovación e Industria para dotar o CTAG de novas instalacións acaídas ás actividades que se desenvolven no Centro.

O proxecto sectorial ten como obxectivo regular a implantación do Centro de Excelencia Electrónica para Vehículos Intelixentes garantindo a súa inserción no territorio, a súa conexión coas redes de servizos correspondentes, a súa adaptación ao contorno e a súa articulación coas determinacións do planeamento urbanístico e territorial.

Na actualidade o sector da automoción representa un dos piares fundamentais da economía en Galicia, supoñendo aproximadamente un 20% do seu PIB industrial e dando traballo a máis de 33.000 persoas. Nese sentido, a ampliación do CTAG e a construción do Centro de Excelencia Electrónica para Vehículos Intelixentes suporá un novo impulso ao sector desde o punto de vista científico-tecnolóxico e económico. Levará consigo, ademais, a creación de emprego de alto nivel tecnolóxico a través da potenciación do CTAG, das empresas existentes na actualidade e de novas empresas que puideran crearse ou ser atraídas a Galicia para realizar I+D+i nun contorno competitivo e de vangarda.

Instalacións do Centro

O Centro de Excelencia Electrónica para Vehículos Intelixentes que se instalará na ampliación do CTAG que vai desenvolver a Consellería de Vivenda e Solo, albergará cinco laboratorios especializados: laboratorio de deseño electrónico e área de fabricación de compoñentes prototipo, laboratorio de calidade e fiabilidade electrónica, laboratorio de sistemas Infotainment e laboratorio de sistemas ADAS. Ademais, o Centro albergará outras instalacións complementarias como bancos especiais para ensaios de sistemas



dinámicos de vehículos intelixentes, un túnel óptico para funcións avanzadas de iluminación e sinalización, unha área de simulación de condución, prototipos tecnolóxicos con funcións avanzadas, e infraestruturas de desenvolvemento de software de automoción.

Trátase dun equipamento singular en España e con características únicas en Europa, que ofrecerá métodos experimentais de vangarda tecnolóxica e equipamentos de última xeración, ofertando así servizos e produtos de alta tecnoloxía desde Galicia cara o mercado mundial, o que suporá unha maior presenza do sector da automoción galego en proxectos europeos, incrementando así o retorno dos fondos comunitarios.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO E O CONCELO DE CELANOVA PARA ACOMETER A 2ª FASE DA URBANIZACIÓN DOS ACCESOS AO BURGO MEDIEVAL DE VILANOVA DOS INFANTES

- ***Esta actuación suporá un investimento de 160.870 euros, dos que a Consellería de Vivenda e Solo achegará 128.697 euros***
- ***As obras de urbanización recollidas no convenio permitirán finalizar a urbanización e mellora ambiental do Burgo Medieval completando as obras xa executadas na 1ª fase***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Celanova para acometer 2ª fase da urbanización dos accesos ao Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes. As obras de urbanización recollidas no convenio permitirán finalizar a urbanización e mellora ambiental do Burgo Medieval completando as obras xa executadas na 1ª fase.

Esta actuación suporá un investimento total de 160.870 euros, complementando as obras xa executadas da 1ª fase, e forma parte do Plan Especial de protección do conxunto, para contribuír á recuperación dun recinto urbano de valor singular a través acondicionamento dos principais percorridos cara aos contornos monumentais máis significativos.

A través do convenio de colaboración que se asinará nos próximos días, a Consellería de Vivenda e Solo financia o 80% das obras de urbanización cunha achega de 128.697 euros.

As obras consistirán en completar a urbanización e mellora ambiental do bordo exterior do Burgo Medieval, seguindo o trazado regular da antiga estrada de Celanova e dunha das rúas interiores que configuran accesos enfrontados á Praza Maior.

Ademais, as obras previstas no proxecto desta 2ª fase, prevén a dotación de mobiliario urbano, xardinaría e iluminación ao ámbito, soterramento das redes de distribución eléctrica, iluminación e telefonía.

Pola súa banda, a través da sinatura do convenio, o concello de Celanova asume o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como as relativas á obtención dos permisos e autorizacións e licenzas que sexan necesarias.

1ª fase

As obras previstas na 1ª fase xa foron acometidas cun investimento total de 300.000 euros e consistiron na urbanización dos accesos que enlazan coas obras xa executadas



no ámbito da *Torre do Homenaxe* e no espazo urbano comprendido pola Praza do Balcón e a Praza do Recreo. As obras acometeranse en dúas fases.

Ademais, as obras acometidas permitiron o acondicionamento da estrada de acceso que bordea o núcleo histórico consolidado polo seu lado oeste, así como a rúa que enlaza coa Praza Maior.



A XUNTA INVESTIRÁ 158.408 EUROS PARA O ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DOS CABACEIROS E O SEU CONTORNO NO CONCELLO DE MACEDA

- ***A Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Maceda asinarán un convenio de colaboración para levar a cabo estas actuacións cun orzamento total de 198.036 euros***
- ***Entre as funcións da Consellería está o fomento da rehabilitación e renovación de espazos públicos en centros históricos, áreas de rehabilitación e no medio rural***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 158.408 euros para o acondicionamento da Praza dos Cabaceiros e o seu contorno, no Concello de Maceda. Ambas as administracións asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento destas melloras durante os anos 2008 e 2009.

O orzamento total para esta actuación ascende a 198.408 euros, dos que a Consellería achega 158.408 euros, dos que 90.000 euros corresponden á anualidade de 2008 e 68.408 euros á anualidade de 2009. O importe restante, 39.602 euros, achegaráo o Concello de Maceda.

A Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas funcións o fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.

Neste caso, as actuacións previstas consisten no tratamento do terreo para nivelar e salvar a forte pendente cara ao leste que ten a praza e facilitar así o tránsito dos peóns e bicicletas. Substituirase o pavimento, na actualidade en moi mal estado, irregular e perigoso e procederase á recollida de augas pluviais en sumidoiro con reixa de fundición e conexión á rede existente mediante arquetas.

Tamén se procederá a colocar mobiliario urbano e elementos que humanicen a praza; en concreto, habilitaranse zonas axardinadas con céspede e árbores de folla caduca, marcaranse os espazos de tránsito para peóns e bicicletas, colocaranse bancos de pedra monolítica e adecuarase a iluminación ao carácter peonil do espazo.



A XUNTA INVISTE PRETO DE 9 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN DE NOVOS EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA O CURSO 2008-2009

- ***A Consellería de Educación publicou no Diario Oficial de Galicia a contratación da subministración desta tecnoloxía informática e multimedia***
- ***A Xunta distribuirá o vindeiro ano académico un total de 1.210 ordenadores persoais, 2.395 portátiles, 5.790 videoproxectores e pantallas, 550 pizarras dixitais, 900 impresoras e 120 ordenadores servidores para redes de área local***
- ***Esta dotación permitirá pasar dun parque de 32.000 ordenadores no curso 2005-2006 aos 62.000 do vindeiro ano***
- ***O número de alumnos por ordenador pasou de 12 no 2005 ata acadar o 5,4 no próximo curso***
- ***O Goberno galego estableceu un protocolo co fin de dar acceso a internet aos locais das asociacións de nais e pais de alumnos***

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón informou ao Consello da Xunta da programación en equipamento informático e multimedia para o vindeiro curso 2008-2009. Así, a Administración educativa adquirirá un total de 3.605 novos ordenadores (2.395 portátiles e 1.210 ordenadores persoais e monitores), o que permitirá acadar un parque de 62.000 ordenadores. En total, Educación investirá máis de 8,9 millóns de euros.

Laura Sánchez Piñón explicou que o departamento que dirixe vén de anunciar no *Diario Oficial da Unión Europea* (DO) e no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a contratación, polo sistema de concurso e procedemento aberto, da subministración de diverso material informático e multimedia. Así, o 29 de abril publicouse no DOG a contratación da subministración de 500 impresoras monoposto e monocromo, cun investimento de 125.000 euros. Ademais, o 6 de maio sacouse a concurso a subministración de 5.790 videoproxectores e pantallas de proxección duais, cun importe máximo de 3.480.000 euros; 1.210 ordenadores persoais e monitores tft/lcd, por valor de 1.270.500 euros; e 400 impresoras láser monocromo de rede, cun investimento de 240.000 euros. Todas estas compras están cofinanciadas con fondos FEDER.

Así mesmo, a Consellería de Educación anunciou a contratación da subministración de 550 pizarras dixitais interactivas, por importe de 687.500 euros; e está pendente de publicación a licitación do subministración de 2.395 ordenadores portátiles, por valor de 2.993.750 euros, tamén cofinanciado con fondos FEDER; e de 120 ordenadores servidores para as redes de área local (LAN), cun importe de 180.000 euros.

Aposta polas novas tecnoloxías

Ao longo desta lexislatura, a Consellería de Educación está a dar un importante pulo á implantación do uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) en todos os



centros públicos, tanto a través da dotación de material informático como mediante a mellora das infraestruturas.

Así, nos cursos 2006-2007 e 2007-2008 a Administración educativa adquiriu un total de 26.607 portátiles e PCs, o que permitiu practicamente duplicar o número de equipamentos informáticos da rede de centros públicos, pasando dun parque de 32.000 ordenadores no curso 2005-2006 aos 58.000 do presente ano académico. Ademais, o número de alumnos por ordenador pasou dos 12 do curso 2005-2006 aos 6 do presente ano académico e acandando no vindeiro curso a ratio de 5,4.

Con esta última dotación, os novos equipos informáticos e multimedia (ordenadores, portátiles, proxectores, pizarras, impresoras...) adquiridos nesta lexislatura polo Goberno galego e postos á disposición dos centros non universitarios dependentes da Consellería nos cursos 2006-2007, 2007-2008 e 2008-2009 ascenderán a 46.965. Destas 46.965 novas adquisicións, 30.212 son ordenadores.

Canleado dos locais das ANPAs

Outra das novidades en materia de novas tecnoloxías que a conselleira de Educación trasladou ao Consello da Xunta é que a Administración educativa vén de establecer un protocolo para dar acceso a internet ás Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPAs) dos centros educativos.

Así, en virtude deste protocolo, o centro interesado en cablear as dependencias do local da ANPA poderá solicitar a visita dun técnico da Consellería de Educación para formular unha proposta de instalación da rede de cables ata o local. Esta visita concertarase a través da Unidade de Atención a Centros (UAC), xunto co director ou directora do centro, o/a responsable da ANPA e un representante da empresa que vaia facer a instalación da rede de cables.

Nesta xuntanza estableceranse as condicións técnicas ás que debe cingirse a instalación, sendo responsable do seu cumprimento a empresa que realice a obra. Unha vez feita a instalación, desde o centro comunicarase á UAC tal circunstancia, para que un técnico da Consellería pase a comprobar que a rede de cables se fixo axustada ás especificacións técnicas establecidas e que o seu funcionamento é o correcto.